

“Unha Nova Olanda. De Ferrol ao Porto: as cidades galegas e o norte de Portugal no escenario global”, Editorial Galaxia, 2021

“Unha interesante reflexión sobre a esencia da cidade como elemento de creación de dinámicas sociais a través dunha análise do tecido urbano galego mirándoo no espello do desenvolvemento das cidades a nivel mundial”

Alfonso Álvarez Monxardín en La Región 15-03-2022

“Antón Baamonde é home de referentes dilatados e amplas lecturas, que tivo en figuras como Umberto Eco, Adorno, Barthes e Benjamin, entre outros, algúns dos seus referentes. O acometido central do seu labor quizais resida na crítica da cultura e das ideas, onde se move con coñecemento, criterio e espírito tolerante e ecuánime.

O autor, afeito, desde as súas orixes, a pensar fóra dos lugares comúns e das concepcións herdadas, soña, como un ilustrado do século XXI, coa posibilidade de que ese diamante urbano das sete puntas ou cidades que é Galicia, puidese construír ese proxecto de modernización non subsidiaria, establecendo un decurso culto, moderno e hanseático caracterizado pola súa calidade de vida e o seu benestar”

Xavier Seoane en Grial, Revista Galega de Cultura, número 235
11-08-2022

“Antón Baamonde, no seu último ensaio (*Unha nova Olanda*) argumenta que Galicia e o Norte de Portugal teñen que atopar o seu oco, xerar unha masa crítica sen a cal corren o perigo dunha desertización demográfica, dun progresivo declive social, humano, cultural e político.

Era preciso que o fixese un autor de largo alento intelectual, lonxe do estilo de consultora que cobra por facturar o que se quere ouvir ou dos académicos que saben ventear con elegancia que cousas deben esquivarse”

Albino Prada en Tempos Novos 1-01-2022

“Como ven de explicar moi a xeito Antón Baamonde (*“Unha nova Olanda. De Ferrol ao Porto: as cidades galegas e o norte de Portugal no escenario global”,2021*) Portugal rexeita construír as súas infraestruturas a medio dun esquema radial con centro en Madrid e iso constitúe unha grande oportunidade de futuro para Galicia”

Xoán Antón Pérez Lema en La Región 9-12-21

“Un libro que é necesario ler”

Xerardo Éstevez, na presentación no Ateneo de Santiago

“Un libro pertinente, que se le dun tirón”

Daniel Pino, urbanista, na presentación no Ateneo de Pontevedra.